



PROBA DE APTITUDES MUSICAIS PARA ACCEDER Ó 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

Esta proba non presupón coñecementos musicais.

CONTIDOS

- **Test rítmico** (10 ítems – 40% da nota final): O profesor/a tocará cun lápiz ou instrumento de pequena percusión unha fórmula rítmica e o aspirante terá que repetila exactamente igual.
- **Test de entoación** (10 ítems – 40% da nota final): O profesor/a cantará un movemento melódico e o aspirante terá que repetilo coa súa propia voz.
- **Test de psicomotricidade** (5 ítems – 20% da nota final): O profesor/a realizará exercicios con alternancia das dúas mans; exercicios con alternancia de mans e pes e exercicios con percusión corporal, que o aspirante terá que repetir.
 - Todos os test realizaranse por imitación, insistindo na marcha regular do pulso.
 - Ningún test será eliminatorio.
 - Os contidos dos test están adaptados ás diferentes idades dos alumnos/as e o alumnado con necesidades educativas especiais.
 - A proba cualificarase de forma global e numérica de 1 a 10 puntos, debendo obter o aspirante unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.
 - Cualificarase ata un decimal.



NORMAS XERAIS

1º- O alumno/a fará unha preinscrición, seleccionando un só instrumento.

2º- Adxudicación de instrumento:

- a) Despois de realizar a proba de aptitude, adxudicaranse as prazas por especialidade aos aspirantes que acadaran de nota media como mínimo un cinco, sempre de maior a menor puntuación. É dicir, cada aspirante colocarse por orde de puntuación **na especialidade elixida**. No caso de que dous aspirantes obteñan a mesma puntuación, terá preferencia o aspirante de menor idade.
- b) Os aspirantes aprobados sen praza pasarán a unha lista de espera na especialidade instrumental solicitada, ordenada segundo a puntuación obtida na proba de aptitude.
- c) Se quedase algunha praza por cubrir nunha especialidade instrumental na que se esgotase ou non existira lista de espera, ofrecerase por rigoroso orde de puntuación independentemente da especialidade solicitada en primeira instancia. Para iso os aspirantes aprobados sen praza serán convocados a unha reunión para dita adxudicación.
- d) As prazas ofertadas para o alumnado con necesidades educativas especiais adxudicaranse tendo en conta a preferencia do alumnado e a valoración do tribunal sobre a adecuación das capacidades e discapacidades específicas de cada aspirante en relación coas distintas especialidades instrumentais. Esas tres prazas restaranse das ofertadas na quenda libre.
- e) Os aspirantes que obtiveran praza deberán formalizar a matrícula para o vindeiro curso 2021-2022 os días 23, 28 e 29 de xuño , en horario de oficina.